



DEPUTACIÓN DE LUGO

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE O CORGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "OPTIMIZACIÓN DA XESTIÓN DE RESIDUOS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO" DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN DO EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR

En O CORGO a 18 DE MARZO DE 2016


INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Darío Campos Conde, Presidente da Excma. Deputación de Lugo, con CIF P-2700000I, e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo o dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Da outra D. JOSÉ ANTONIO FERREIRO GONZÁLEZ, Alcalde -Presidente do Concello de O CORGO, en virtude das facultades representativas que ten atribuídas polo artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Ambas partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente protocolo e aos efectos,

MANIFESTAN


PRIMEIRO.- Con data 12 de febreiro de 2016, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación e a Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a execución do proxecto "Optimización da xestión de residuos nos concellos da provincia de Lugo", que foi asinado o pasado 15 de febreiro de 2016.

SEGUNDO.- A Asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular é unha asociación transfronteiriza de dereito privado e sen fins económicos, integrada por municipios que configuran o sistema urbano da euro-rexión Galicia – Norte de Portugal. A Deputación de Lugo está integrada no Eixo Atlántico

O artigo 6º dos Estatutos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que ten por título "Obxectivos", indica que os propósitos e obxectivos do Eixo Atlántico se determinan mediante a definición dos problemas de orde económico, social, técnico e cultural e pola procura das mellores solucións para resvelos. Considéranse como prioritarios para a promoción e o desenvolvemento os seguintes:



DEPUTACIÓN DE LUGO

- Proxectos de infraestruturas – obras e infraestruturas.
- Política social e cultural.
- Protección e mellora do medio ambiente.
- Turismo.
- Promoción de todo tipo de actividades sociais, culturais e deportivas que se identifiquen coas raíces e identidade dos municipios membros e que favorezan a cohesión do sistema urbano na euro-rexión norte de Portugal – Galicia.

O disposto no apartado anterior concretarase expresamente a través da realización de:

- Estudos, planos, programas e proxectos, especialmente os que sexan susceptibles de co-financiamento estatal, comunitario ou internacional.
- Acordos de colaboración entre axentes, estruturas e entidades, públicas e privadas, susceptibles de contribuír para o desenvolvemento dos respectivos territorios fronteirizos.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local, LBRL, (modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local), a Deputación ten como competencia propia a asistencia aos municipios na prestación de servizos público municipais.

Neste senso e seguindo o establecido no artigo 25 do referido texto legal, os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. En todo caso, os municipios exercen como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a xestión dos residuos sólidos urbanos, entre outras.

Ademais, segundo o artigo 26 da citada lei, os municipios deberán prestar, en todo caso, o servizo de recollida de residuos, e en caso de municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais, o tratamento dos referidos residuos.

Este artigo tamén establece como competencia para a Deputación provincial a coordinación da prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos, no caso de municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por último, o artigo 36.1 da LBRL establece como competencias das deputacións a coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada, así como a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.




DEPUTACIÓN DE LUGO

Por todo o anterior, xustifícase as novas competencias de carácter medioambiental, e específicamente no ámbito da xestión dos residuos, que asumen tanto os municipios como as deputacións provinciais, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por outra banda, a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, enumera no seu Capítulo II, artigo 6º, as competencias específicas das deputacións provinciais:

1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, con arranxo ao establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos concellos na prestación do servicio de recollida e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos planes provinciais de obras e servizos.
2. Así mesmo, de acordo co contido dos planes de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de planes comarcrais e locais de xestión de residuos.

A xestión de residuos, de acordo coa Directiva 2008/98/CE, do 19 de novembro, sobre os residuos, consiste na recolleita, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, así como o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros, incluídas as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente. A Directiva Marco sobre residuos fixa uns obxectivos de reciclado do 50% dos residuos municipais xerados para o ano 2023, moi distantes das porcentaxes de recolleita selectiva obtidos actualmente nos residuos municipais.


CUARTO.- A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece a posibilidade de que a Administración Pública poida celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule. O artigo 57 e concordantes da LBRL tamén establece a posibilidade de establecer esquemas de colaboración entre distintas administracións públicas.

QUINTO.- O artigo 6 do citado corpo legal, aplicable á administración local, establece que "a administración Xeral e os Organismos Públicos vinculados ou dependentes da mesma poderán celebrar convenios de colaboración no ámbito das súas respectivas competencias"



DEPUTACIÓN DE LUGO

O artigo 6 citado dispón "cando os convenios se limiten a establecer pautas de orientación política sobre a actuación de cada Administración nunha cuestión de interese común ou a fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración nunha área de interrelación competencial ou nun asunto de mutuo interese denominaranse Protocolos Xerais".

SEXTO.- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 5 do Título Primeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, sinala nos artigos 187, 193 e 198 Título V, que a colaboración e cooperación poderá realizarse mediante a subscrición de convenios e que as Deputacións Provinciais poderán subscribir con todos ou algúns dos Municipios da Provincia convenios para garantir o acceso da poboación ó concxunto dos servizos municipais e a maior eficacia na prestación destes.

SÉTIMO.- Que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, as Deputacións Provinciais teñen como atribucións propias a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal así como a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

OITAVO.- A Deputación Provincial de Lugo, no seu papel de organismo prestador de servizos públicos de carácter supramunicipal, así como na súa condición de institución cercana á ciudadanía coopera na efectividade dos servizos municipais. Polo tanto, a Deputación está interesada en formalizar unha relación de colaboración coa finalidade de garantir o acceso da poboación ó concxunto dos servizos municipais e a maior eficacia na prestación deste.

NOVENO.- Que os Municipios, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Conscientes as partes intervintes da necesidade de infraestruturas municipais, estiman oportuno unir esforzos coa finalidade de colaborar, executando e poñendo os medios necesarios para contribuír á execución dos fins e obxectivos para favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible dos municipios da provincia de Lugo, a través do análisis e a optimización da xestión dos residuos nos seus respectivos territorios.

Por todo isto, de acordo co principio de colaboración para o mellor servizo dos fins públicos que lle son propios ás Administracións Públicas intervintes, de conformidade co respecto mutuo aos ámbitos competenciais que lle corresponden a cada unha das partes, segundo o Ordenamento Xurídico vixente, consideran oportuno establecer un protocolo de colaboración con arranxo as seguintes.



DEPUTACIÓN DE LUGO

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- Obxecto do protocolo.

É obxecto do presente protocolo colaborar poñendo os medios necesarios para contribuír á execución dos fins e obxectivos do proxecto a executar entre a Deputación de Lugo e o Eixo Atlántico, titulado "Optimización da xestión de residuos nos concellos da provincia de Lugo".

O proxecto permitirá unha análise global da situación en materia de residuos domésticos de todos os municipios da provincia de Lugo que se adhiran a esta iniciativa. Este diagnóstico deberá proporcionar unha fotografía do panorama actual na provincia de Lugo e marcar as pautas e orientacións para un desenvolvemento más profundo do traballo no futuro como pode ser o estudo de viabilidade dunha xestión mancomunada así como actividades específicas de compostaxe doméstico e comunitario.

Para iso definiranse uns indicadores básicos de xestión que faciliten un diagnóstico a nivel global do estado ambiental e económico do servizo de xestión de residuos de cada municipio. Elaboraranse un sistema de enquisas que permitan coñecer a situación actual do servizo.

Os obxectivos específicos do proxecto son:

- Servir para coñecer as necesidades, carencias, potencialidades e a viabilidade de determinadas accións nos municipios nos que se leve a cabo o estudo.
- A monitorización do territorio mediante uns indicadores comúns consensuados.

O diagnóstico elaborado debería de permitir a medio prazo axudar a mellorar en:

- O impulso da mellora dos servizos e a diminución dos custes asociados.
- A xeración e difusión de coñecemento a través de grupos de traballo de intercambio de experiencias.
- A definición de modelos de planificación e xestión territorial sustentable e actuar como impulso para o cumprimento dos obxectivos de Europa 2020 e do próximo Paquete de Economía Circular por parte dos municipios.
- O coñecemento e preparación de propostas conxuntas ás vías de financiamento existentes para cada ámbito.



DEPUTACIÓN DE LUGO

SEGUNDO.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución do obxectivo do protocolo, as partes subscritantes conveñen os seguintes compromisos:

A. A Excma. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

- Elaborar un diagnóstico da xestión de residuos en cada municipio que servira para para coñecer as necesidades, carencias, potencialidades e a viabilidade de determinadas accións conxuntas nos municipios nos que se leve a cabo o estudo.
- A monitorización do territorio mediante uns indicadores comúns consensuados.

B. O Concello de O CORGO comprométese a:

- Facilitar a información que permita coñecer a situación actual da xestión dos residuos no municipio e, ao mesmo tempo, a elaboración do diagnóstico individualizado para cada concello.

A execución do proxecto obxecto deste protocolo non suporá desembolso económico para os concellos.

TERCEIRA.- Comisión mixta de seguimiento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste protocolo establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente protocolo.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquellas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste protocolo.
- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente protocolo.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir, e



DEPUTACIÓN DE LUGO

- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.

CUARTO.- Vixencia do Protocolo.

O presente Protocolo terá vixencia desde o día seguinte á súa formalización e manterase ata a realización do proxecto de "Optimización da xestión de residuos nos concellos da provincia de Lugo", cuxa finalización estímase para finais de 2016.

QUINTO.- Natureza xurídica do Protocolo.

Este Protocolo ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola lexislación de bases de réxime local, polas demais normas de dereito administrativo e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Protocolo a través da Comisión Mixta constituída para o seu seguimento.

De conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as cuestiós litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente Protocolo, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este só efecto e por cuadriplicado, no mesmo lugar e data anteriormente indicados.

O Presidente



Darío Campos Conde

O Alcalde do Concello de O CORGO



José Antonio Ferreiro González

